



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Contidos complementarios para o ensino das literaturas galega e castelá	Código	652608812	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es	
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme Tacón García, Antía	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es antia.tacon@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo xeral desta materia consiste en asegurar o coñecemento dos contidos relevantes da especialidade e das súas tendencias actuais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer o valor formativo e cultural das literaturas galega e castelá	AP1 AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19		CM1
Coñecer os contidos que se cursan en ensino secundario e bacharelato nas materias de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá.	AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19		CM1
Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, así como as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.	AP3 AP6 AP13 AP15 AP16 AP17 AP19 AP21 AP25 AP33		CM1 CM4 CM7



Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos para as materias de literaturas galega e castelá.	AP7 AP13 AP21 AP27 AP32 AP33	CM1 CM6
Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito das literaturas galega e castelá.	AP3 AP11 AP15 AP19 AP25 AP32 AP33 AP35	CM1 CM4 CM8
Saber analizar a historia da literatura desde unha perspectiva contextual, considerando as condición históricas e sociais particulares que condicionaron as posibilidades de manifestación literaria no caso dos homes e das mulleres.	AP3 AP8 AP10 AP13 AP14 AP15 AP16 AP17 AP19 AP21 AP25 AP26 AP27 AP32 AP33 AP35	CM1 CM4 CM6 CM7 CM8
Identificar e comprender como a literatura escrita por mulleres ten modificado o canon literario ao incorporar unha visión, unha voz e unha escrita propias.	AP3 AP8 AP10 AP13 AP14 AP15 AP16 AP17 AP19 AP21 AP25 AP26 AP32 AP33 AP35	CM1 CM4 CM6 CM7 CM8



Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das literaturas galega e castelá e expor alternativas e solucións.	AP13 AP19 AP25 AP26 AP27 AP33	CM1 CM3 CM4 CM7 CM8
Ser quen de producir textos escritos, debidamente elaborados e ordenados, en que se apliquen os coñecementos adquiridos, se ofrezca unha síntese, se contrapoñan puntos de vista ou teorías..., sempre cunha visión crítica e reflexiva.	AP19 AP21 AP25 AP26 AP27 AP33 AP35	CM1
Saber realizar unha análise crítica da literatura e os discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.	AP3 AP8 AP10 AP11 AP14 AP15 AP18 AP21 AP25 AP27 AP34 AP35	CM1 CM4 CM6 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Revisión metodolóxica dos contidos relevantes no ensino da literatura	1.1. Introducción: para que ensinar/aprender literatura? 1.2. A necesidade de revisión da historiografía literaria. Canon e presenza das mulleres 1.3. A especificidade do ensino da literatura galega 1.4. Incorporación da perspectiva de xénero
2. Adaptación das literaturas galega e española ao marco curricular	2.1. A lectura na aula: lecturas adolescentes 2.2. Itinerarios lectores 2.3. Interdisciplinidade e TIL no ensino da literatura.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A6 A7 A8 A10 A11 A13 A14 A16 A15 A17 C3 C4 C6 C7	0	14	14
Obradoiro	A1 A3 A13 A21 A26 A27 A32 A34 A35 C1 C3 C4 C8	12	16	28
Proba mixta	A3 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A19 A33 C1	2	10	12



Traballos tutelados	A3 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 A32 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8	1	24	25
Actividades iniciais	A1 A33 C1 C4	1	0	1
Sesión maxistral	A6 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A18 A19 C4 C6 C7	12	6	18
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Formando parte do seu traballo autónomo, os/as estudantes deberán ler os textos proporcionados ao longo do curso. Estas lecturas serán obxecto de análise tanto nas sesións de obradoiro coma na proba mixta.
Obradoiro	Nas sesións presenciais alternaranse as leccións maxistras coas sesións interactivas, nas que a participación do estudantado será fundamental. Levaranse a cabo actividades de diverso tipo: discusións dirixidas, comentario de textos, elaboración conxunta de materiais, exposicións etc. En ocasións poderán ter como punto de partida fundamental as lecturas indicadas previamente polas profesoras.
Proba mixta	Ao final de curso, na data oficial, as/os estudantes deberán realizar unha proba mixta de carácter teórico-práctico.
Traballos tutelados	As profesoras propoñerán nas primeiras sesións uns temas de traballo, relacionados con algún aspecto da materia, para seren desenvolvidos individualmente ou en equipo (a definir). Nestes traballos o alumnado deberá aplicar os coñecementos adquiridos ao longo das sesións da materia. Valorarase fundamentalmente a capacidade de reflexión e a orixinalidade das achegas, o rigor no tratamento do tema escollido, así como a clareza expositiva e expresiva.
Actividades iniciais	Na primeira sesión do curso levaranse a cabo distintas actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar convenientemente a docencia da materia.
Sesión maxistral	Exposición e explicación de contidos e reflexións para propiciar o posterior traballo autónomo do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Sesión maxistral Proba mixta Lecturas Traballos tutelados	As profesoras encargaranse de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polas docentes, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A3 A13 A21 A26 A27 A32 A34 A35 C1 C3 C4 C8	Valorarase a participación activa nas distintas actividades que se desenvolvan na aula, así como a realización das lecturas.	20



Proba mixta	A3 A7 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A19 A33 C1	Aplicaranse os seguintes criterios de avaliación: - correcta estruturación do discurso - corrección ortográfica, sintáctica e gramatical - correcta integración dos coñecementos adquiridos ao longo do curso Para superar a materia a calificación mínima desta proba deberá ser de 4 puntos sobre 10.	40
Traballos tutelados	A3 A13 A16 A15 A17 A21 A25 A26 A27 A19 A32 A33 A35 C1 C3 C4 C6 C7 C8	O traballo final obrigatorio desenvolverá un tema relacionado con algún aspecto da materia. Formalmente axustarase ás pautas definidas polas profesoras no inicio do curso. Valorarase fundamentalmente a capacidade de reflexión e a orixinalidade das achegas, o rigor no tratamento do tema escollido así como a clarezza expositiva e expresiva.	40

Observacións avaliación

1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

1.2. O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

1.3. Todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

2. AVALIACIÓN DA SEGUNDA OPORTUNIDADE(XULLO)

2.1. Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá de realizar a proba mixta e presentar o traballo tutelado. A data límite de entrega do traballo tutelado será a marcada para o exame do mes de xullo.

2.2. Na 2.ª oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro). Así a valoración estará composta polo 60% dos "Traballos tutelados" (que incluíra unha presentación oral) e o 40% da "Proba mixta".

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

Nesta oportunidade adiantada cada estudante será avaliado/a mediante unha "Proba mixta", que suporá o 40 % da cualificación final e que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de CC. da Educación, e un "Traballo tutelado" puntuábel nun 60% que deberá ser presentado no mesmo día do exame.

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO/A

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue o traballo final obrigatorio ou non realice a proba escrita.

5. OUTRAS PRECISIÓNS

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.?

Fontes de información



Bibliografía básica

- Aller García, Carlos (1998). Animación a la lectura II: juegos y actividades para después de leer. Sevilla. Quercus
 - Bordons, Gloria / Díaz-Plaja, Ana (2006). Enseñar literatura en secundaria. Barcelona. Graó
 - Cousillas Pena, Paula (2019). "A educación literaria: unha proposta lectora". Madrygal, 22
 - Fernández Paz, Agustín (2004). Lingua e literatura: educación secundaria obrigatoria. Vigo. Xerais
 - García Negro, Pilar / Costa Casas, Xoán (1995). O ensino da lingua: por un cambio de rumbo. Introducción teórica e Unidades didácticas. A Coruña: AS-PG
 - García Padrino, Jaime / Medina Padilla, Arturo (dirs.) (1988). Didáctica de la lengua y la literatura. Madrid: Síntesis
 - García Rivera, Gloria (1995). Didáctica de la literatura en la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid. Akal
 - Guerrero Ruiz, Pablo & Caro Valverde, M^aTeresa (coords.) (2015). Didáctica de la Lengua y Educación Literaria. Madrid: Pirámide
 - Jover, Guadalupe (coord.) (2009). Constelaciones literarias. Sentirse raro. Miradas sobre la adolescencia.. Málaga: Consejería de Educación, Delegación Provincial de Málaga.
 - López, Amando y Encabo, Enrique (coords.) (2004). Didáctica de la literatura. El cuento, la dramatización y la animación a la lectura.. Barcelona: Octaedro
 - Marco López, Aurora (1997). Lingua, literatura e arte: aspectos didácticos. Santiago: USC
 - Martín Vegas, Rosa Ana (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Madrid. Síntesis
 - Munita, F. (2021) (2021). Mediación y formación de lectores. Barcelona: Octaedro
 - Navarro Durán, Rosa (1995). La Mirada al texto : comentario de textos literarios. Barcelona: Ariel
 - Pozuelo Yvancos, José M^a (2007). Desafíos de la Teoría. Literatura y géneros. Mérida. Venezuela. El otro@el mismo
 - Sánchez Miguel, Emilio (2010). La lectura en el aula: qué se hace, qué se debe hacer y qué se puede hacer. Barcelona. Graó
 - Rodríguez, Francisco (1990). Literatura galega. Problemas de método e interpretación. Vilaboa-Pontevedra. O Cumio
 - Silva Valdivia, Bieito (coord.) (2005). A literatura na educación secundaria. Santiago: Instituto de Ciencia da Educación
 - Silva Valdivia, Bieito (dir.) (2008). Situación do ensino da da lingua e da literatura na educación secundaria obrigatoria . Santiago: Consello da Cultura Galega
 - Torres Feijoo, Elías (2004). "Roma locuta causa finita? Sobre docência e crítica da literatura e da cultura? . Aurora Marco et al. (eds.), Actas del VII Congreso Internacional de la Sociedad Española de Didáctico
- Ademais dos títulos sinalados, as profesoras poderán proporcionar outros textos ou materiais a través do Campus Virtual.



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Abuín, Anxo / Tarrío, Anxo (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparada das literaturas da península Ibérica. Santiago: Servizo de Publicacións USC - Aguiar e Silva, Vitor M. de (1993). Teoría da Literatura. Coimbra. Livraria Almedina - Blanco, Carmen (1991). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais - Carballo Calero, Ricardo (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo. Galaxia - Colomer, Teresa (2010). Introducción a la literatura infantil y juvenil actual.. Madrid: Síntesis - García Padrino, Jaime (2018). Historia crítica de la Literatura Infantil y Juvenil en la España actual (1939-2015).. Madrid: Marcial Pons - Marchese, A. / Forradellas, J.& (1991). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona. Ariel - Mainer, José Carlos (2010-2012). Historia de la Lliteratura española, 9 vols.. Barcelona: Crítica - Pena Presas, Montse (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago de Compostela: Laiovento - Reyes, Graciela (ed.) (1989). Teorías literarias en la actualidad . Madrid. Ediciones el arquero - Rico, Francisco (1979-1999). Historia y crítica de la Lliteratura española, 18 vols. . Barcelona: Crítica - Rodríguez Cacho, Lina (2009). Manual de historia de la literatura española. Madrid. Castalia - Rodríguez Fer, Claudio (1991). Arte literaria . Vigo: Xerais - Tarrío, Anxo (1994). Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica. Vigo: Xerais - Tarrío, Anxo (coord.) (2000). Galicia. Literatura, vols. 31-34. A Coruña: Hércules de Edicións - Vázquez Cuesta, Pilar (1980). &quot;Literatura gallega&quot;, in Díez Borque. J. M^a. (ed.), Historia de las literaturas hispánicas no castellanas, pp. 621-896. Taurus: Madrid - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da literatura galega. Vigo: Galaxia - Vilavedra, Dolores (coord.) (1995-2004). Diccionario da literatura galega, a4 vols. Vigo: Galaxia - Viñas Piquer, David (2002). Historia de la crítica literaria . Barcelona. Ariel - VV.AA. (1996-1998). Historia da Literatura Galega, 5 vol. . Vigo. A Nosa Terra - VV.AA. (2001). Literatura galega. Século XX. Vigo.: A Nosa Terra <p>Ademais dos títulos sinalados, as profesoras poderán proporcionar outros textos ou materiais a través do Campus Virtual.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Bases epistemolóxicas para o ensino das linguas e literaturas galega e castelá/652608821

Metodoloxía do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria/652608822

Fundamentos metodolóxicos e profesionais do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria/652608823

Proxectos de innovación e investigación educativa en lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá/652608E31

Contidos complementarios para o ensino das linguas galega e castelá/652608811

Materias que continúan o temario

Observacións

A Oficina de Igualdade da UDC ofertará un curso de formación sobre xénero para alumnado do Mestrado (Desaprendendo o sexismo desde as aulas: autoestima feminina e novas masculinidades). Recómendase activamente a realización deste curso, gratuíto e de asistencia voluntaria, xa que os seus contidos son de grande interese para o desenvolvemento dunha parte desta materia. Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coas profesoras, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa nos enderezos electrónicos.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías